



D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 22 de xullo de 2022** adoptou o seguinte acordo:

13.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCION DAS MULLERES NO ANO 2022. EXPTE. 11355/224.

Visto o informe de fiscalización do 14/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 14/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, pola asesora xurídica do Servizo, pola concelleira-delegada da área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 13 de abril de 2022 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2022.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 91.000,00 € (noventa e un mil euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311.4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia os días 22/04/2022 e 27/04/2022, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 28 de abril e rematou o 11 de maio de 2022.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 50 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta. Todas as entidades achegaron a documentación solicitada.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:04	Páxina 1 de 6
SUBVENCIONS	CSV: ACA95E-BBA236-D9E74E-8S43U2-NFQRH9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Servizo de Igualdade, e D^a Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 28 de xuño de 2022 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria (incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, e unha táboa co resumo das contías concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2022”, por un importe total de noventa mil novecentos noventa e nove euros con sesenta e dous céntimos (90.999,62 €); constando no anexo I, que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contías das axudas concedidas.

2º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

3º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:04	Páxina 2 de 6
SUBVENCIONS	CSV: ACA95E-BBA236-D9E74E-8S43U2-NFQRH9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I: ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	PUNTOS CONCEDIDOS	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
G27718907	ASOCIACIÓN NÓS MESMAS	ORGULLO CRÍTICO LGTBIQ+ VIGO 2022	40,5	3.000,00 €	3.000,00 €
G27727593	ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	MULLERES CON MOITO QUE DICIR-VIGO-2022	26	2.400,00 €	2.089,43 €
G36895993	ASOC. CULTURAL TRIANA DE VIGO	CURSO DE CANTO TRADICIONAL GALEGO 2021-2022	17	2.993,16 €	1.366,17 €
G36820637	ASOC. GALLEGA AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO	CURSO DE PANDEIRETEIRAS 2021-2022	17	2.705,87 €	1.366,17 €
V36658680	CENTRO RECREATIVO E CULTURAL CABRAL VIGO	CURSO DE DECORACIÓN CON ELEMENTOS ANTIGOS	19	2.175,00 €	1.526,90 €
G36998896	FUNDACIÓN CLÚSTER CONSERVACIÓN PRODUTOS MAR	VIII XORNADAS DO PAPEL DA MULLER NO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO	33,25	2.074,40 €	2.074,40 €
G36632081	ASOC. VECIÑOS BEADE AVCU-CSCR	TALLER DO ARTE FLORAL DENDE O CLÁSICO, SIMBÓLICO E ESTRUCTURAL	18	1.035,96 €	1.035,96 €
G36628543	ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	IMPLICACIÓN DO COLOR NAS TÉCNICAS E OS DESEÑOS NO ARRANXO FLORAL	18	3.000,00 €	1.446,53 €
G36810752	ASOC. DE MULLERES XESTAS	CLÁSICOS, SIMBÓLICOS E ESTRUCTURAS NO ARRANXO FLORAL	18	3.000,00 €	1.446,53 €
G36633618	ASOC. VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES	COÑECEMENTO DA PERCUSIÓN GALEGA	17	1.657,50 €	1.366,17 €
G36729796	ASOC. DE VECIÑOS DA FEIRA DE CABRAL	VIVIR EN IGUALDADE	36	3.000,00 €	2.893,07 €
G27745397	FUNDACIÓN PARA A PESCA E O MARISQUEO (FUNDAMAR)	VIII XORNADAS DE DIVULGACIÓN SOBRE O PAPEL DA MULLER NO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO	33,25	2.074,40 €	2.074,40 €
G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	GRUPO DE MULLERES DE APAMP	25	3.000,00 €	2.009,07 €
G36659894	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ROQUE	MANTER EN FORMA O ESTADO FÍSICO E MENTAL. PILATES	16	3.000,00 €	1.285,80 €
G27739861	ASOCIACIÓN CULTURAL TRASPÉS	A MULLER, NEXO CO PATRIMONIO INMATERIAL DE GALICIA	18	3.000,00 €	1.446,53 €
G36380301	ASOC. DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA	PROMOCIÓN DA SAÚDE NAS MULLERES DIAGNOSTICADAS DE CANCRO 2022	28,5	3.000,00 €	2.290,33 €
G36791291	AGRUP. DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO	HALTEROFILIA E CROSSFIT PARA MULLERES	11	1.923,92 €	883,99 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:04	Páxina 3 de 6
SUBVENCIONS	CSV: ACA95E-BBA236-D9E74E-8S43U2-NFQRH9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	PUNTOS CONCEDIDOS	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
G27852755	ASOC. CULTURAL AS DA INDUSTRIA	AS DA INDUSTRIA SON FEMINISMO NAS RÚAS, NAS CASAS E NAS CAMAS!	34	2.000,00 €	2.000,00 €
G01796184	MULLERES E PALABRAS	TODAS SOMOS LILÁS. ATOPA O TEU MATIZ. SORORIDADE, A NOSA RESPONSTA	32	1.315,00 €	1.315,00 €
G36776920	ASOC. FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER	FOMENTO CORRESPONSABILIDADE NA ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON ALZHEIMER	29	2.910,19 €	2.330,51 €
G36697324	DOWN VIGO: ASOC. PARA SÍNDROME DE DOWN	MULLER: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	27	3.000,00 €	2.169,79 €
G28197564	ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO	MOITO POR GAÑAR: PROGRAMA DE MODIFICACIÓN DE HÁBITOS E RECUPERACIÓN PSICOFÍSICA	20	2.500,00 €	1.607,25 €
G36964757	ASOC. MULLERES VIÚVAS DEMÓCRATAS EUROPEAS DE VIGO	CURSO DE PILATES	15	617,00 €	617,00 €
G36691855	ASOC. VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMÁNS	RECICLAXE CREATIVA DE TECIDOS	14	600,00 €	600,00 €
G36619468	ASOC. DE MULLERES DORNA	VIVIR EN IGUALDADE	41	3.000,00 €	3.000,00 €
G36928646	ASOC. REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS	HUMOR POSITIVO. CURSO DE BENESTAR EMOCIONAL	35,25	1.947,44 €	1.947,44 €
G36648608	ASOC. VECIÑAL DE CONSUM. E USUARIOS EMILIO CRESPO DE NAVIA	NUTRICIÓN E DEPORTE NA IDADE MADURA. FERRAMENTAS DE DEFENSA DAS MULLERES	19	774,40 €	774,40 €
G36648996	SOC. CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA	VIVIR EN IGUALDADE	36	3.000,00 €	2.893,07 €
G27712306	ASOC. DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	+CIENCIA EN FEMININO	29	3.000,00 €	2.330,51 €
G36709004	ASOC. VECIÑAL DOUTOR FLEMING	QUÉRETE E GAÑA EN SAÚDE	18	3.000,00 €	1.446,53 €
G36648640	ASOC. VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	ACTIV. DE PROMOCIÓN DA MULLER	16	3.000,00 €	1.285,80 €
G04965679	ASOCIACIÓN AS DA BOUZA	I OLIMPÍADAS POLA IGUALDADE	24	2.714,00 €	1.928,70 €
G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	ESPAZO NÓS MESMAS	22	2.971,54 €	1.767,98 €
G15383011	UGT	XXVI ENCONTRO SINDICAL DA MULLER TRABALLADORA	31	3.000,00 €	2.491,25 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:04	Páxina 4 de 6
SUBVENCIONS	CSV: ACA95E-BBA236-D9E74E-8S43U2-NFQRH9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	PUNTOS CONCEDIDOS	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
G36627495	CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO	PLAN MULLER EN CORUXO 2022	16	3.000,00 €	1.285,80 €
G15103112	UNIÓN COMARCAL DE CCOO VIGO	UN PERCORRIDO POLA HISTORIA DO MUNDO LABORAL CON PERSPECTIVA DE XÉNERO	33	2.900,00 €	2.651,97 €
G36861078	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	PROXECTO OLIMPIA	30	1.180,00 €	1.180,00 €
G36654184	ASOCIACIÓN VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO	AULAS DE CANTO E PERCUSIÓN TRADICIONAL	18	2.700,00 €	1.446,53 €
G15849318	FUNDACIÓN CIP	FORMACIÓN PARA A INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO CUALIFICADA	28	3.000,00 €	2.250,16 €
G36984367	FUNDACIÓN MATRIX, INVESTIGACIÓN E DESARROLLO SOSTENIBLE	BRECHAS LABORAIS DE XÉNERO NO CONCELLO DE VIGO: DIAGNOSE E SENSIBILIZACIÓN (PROGRAMA BRELA-VIGO)	24	3.000,00 €	1.928,70 €
G27753367	FUNDACIÓN FORMAVIGO	A RELEVANCIA DAS MULLERES NO MUNDO EMPRESARIAL	26	3.000,00 €	2.089,43 €
G36621290	CASA DE ANDALUCÍA EN VIGO	VIDA CONSCIENTE – SALUD INTEGRAL	14	1.200,00 €	1.125,08 €
G36662971	ASOCIACIÓN DE MULLERES "LÚA"	TRABALLAMOS DE CARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	19	1.800,00 €	1.526,90 €
G36842284	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PRAZA DA MIÑOCA	ESTIMULACIÓN COGNITIVA A TRAVÉS DA TECNOLOXÍA	21	1.511,40 €	1.511,40 €
G36648988	ASOC. VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIÁNS	CERÁMICA DE INICIACIÓN V	17	1.200,00 €	1.200,00 €
G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	XORNADA "SOLTANDO AMARRAS"	31	3.000,00 €	2.491,25 €
G36649325	ASOC. DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO	VIVIR EN IGUALDADE	36	3.000,00 €	2.893,07 €
G36617082	ASOC. CENTRO CULTURAL, ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	OCÚPATE, CONSÉRVATE E DIVÍRTETE (TEÑÁMONOS EN CONTA)	25	3.000,00 €	2.009,07 €
G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	COIDADOS E MASCULINIDADES	30	2.410,51 €	2.410,51 €
G36684991	ASOC. DE VECIÑOS AS FONTES DE LAVADORES	VIVIR EN IGUALDADE	36	3.000,00 €	2.893,07 €
				TOTAL SUBVENCIÓNS	90.999,62 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:04	Páxina 5 de 6
SUBVENCIONS	CSV: ACA95E-BBA236-D9E74E-8S43U2-NFQRH9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/rs

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:04	Páxina 6 de 6
SUBVENCIONS	CSV: ACA95E-BBA236-D9E74E-8S43U2-NFQRH9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		